



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN “GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO A MARIÑA ORTEGAL” PARA A APLICACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVA (EDLP) NO MARCO DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZONAS DE PESCA DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar da Xunta de Galicia nomeada polo Decreto 128/2015, do 4 de outubro, ao abeiro das facultades que lle outorga o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 116/2015, do 4 de outubro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e de conformidade, o Decreto 129/2015, de 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e actuando no seu nome e representación, ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

E doutra, a asociación seleccionada a Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, **Asociación “Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro A Mariña Ortegal” (en adiante, GALP)** con sede Rúa Praia, 1-2º Celeiro concello de Viveiro, código postal 27.863, provincia de Lugo e con número de identificación fiscal , representado polo seu presidente, D. Basilio Otero Rodríguez co número de identificación fiscal , nomeado por acordo do órgano competente da asociación segundo os seus Estatutos, e facultado para a sinatura deste convenio polo artigo 19 dos seus Estatutos.

As dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica legal para obrigarse en dereito e subscribir o presente Convenio de Colaboración.

En Santiago de Compostela, a

EXPOÑEN

Primeiro.O Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, establece no Título III, Capítulo II que o Desenvolvemento Local Participativo (DLP) levarase a cabo a través de estratexias de desenvolvemento local integradas, multisectoriais e baseadas en zonas.



Segundo. O Regulamento (UE) 508/2014 (UE) do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, establece nos artigos 58 a 64 o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras e acuícolas.

Terceiro. O Acordo de Asociación que foi presentado por España á Comisión Europea con data 22 de abril e asinado o 30 de outubro de 2014 en relación co DLP, e no caso do FEMP, inclúe os retos a afrontar, os obxectivos e prioridades, as zonas de actuación e tipos de territorio, o enfoque integrado e o marco do procedemento para a selección de grupos de acción local do sector pesqueiro.

Cuarto En base á orde do 6 de abril de 2015 da Consellería do Medio Rural e do Mar pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP) no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia, seleccionáronse os candidatos a GALP para a elaboración das estratexias para as diferentes zonas pesqueiras do litoral galego.

As asociacións candidatas seleccionadas mediante resolución de 31 de xullo de 2015 da conselleira do Medio Rural e do Mar, asinaron convenios de colaboración coa actual Consellería do Mar para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo de conformidade co artigo 33 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e dispuxeron da denominada “axuda preparatoria” contemplada no artigo 35.1.a) de dito regulamento.

Quinto.- De conformidade co previsto no artigo 16.4 da Orde de 6 de abril de 2015, os GALP funcionarán baixo a figura de entidade colaboradora, para o cal se formalizarán os correspondentes convenios de colaboración.

Sexto. A celebración do presente convenio de colaboración deberá publicitarse conforme ao establecido no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega.

Sétimo- O GALP que asina declara que non está incuso en ningunha das circunstancias dos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, segundo o modelo que se xunta como Anexo II.

De conformidade co exposto e no exercicio das súas competencias, as partes reunidas acordan formalizar este convenio, coas seguintes:



CLÁUSULAS XERAIS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións e obrigas que asume o GALP como entidade colaboradora da Consellería do Mar na dobre vertente de axente de desenvolvemento na aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativa da zona pesqueira, e na xestión e control das axudas que se tramiten para o desenvolvemento de dita estratexia.

Segunda.- Duración do convenio

A vixencia deste convenio iniciase o día da súa sinatura e xurdirá efecto ata transcorridos 5 anos despois do último pagamento realizado, de xeito que o GALP non poderá disolverse ata que transcorra o devandito período, previa prestación á Consellería do Mar dunha garantía polas responsabilidades contraídas.

Terceira.- Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación deste convenio comprende os seguintes ámbitos territoriais: municipios de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira e Valdoviño

Cuarta.- Natureza do convenio

Este convenio ten a natureza prevista no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e está excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao abeiro do seu artigo 4.1.d)

Quinta.- Xurisdición

As cuestiós litixiosas que poidan xurdir en interpretación deste convenio, unha vez rematada a vía administrativa, quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.



Sexta.- Da non constitución de garantía

A colaboración prevista neste convenio non se estende á entrega e xustificación dos fondos aos beneficiarios das axudas polo que, ao abeiro do artigo 65.1) e 2) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non se considera necesaria a constitución de garantía.

Sétima.- Consentimento sobre a publicidade de axudas e sancións

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a sinatura deste convenio leva implícito o consentimento para que os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións, así como ás sancións impostas, de ser o caso, sexan incluídos e feitos públicos nos citados rexistros, que dependen da Consellería de Facenda.

Oitava.- Seguimento

Coa finalidade de asegurar o debido cumprimento do convenio e solventar as dúbidas e resolver as controversias que dean lugar á súa interpretación e execución, crearase unha comisión de seguimento composta por dous membros de cada unha das partes, dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e GALP.

Novena.-Modificación do convenio

Este convenio poderá modificarse pola Consellería do Mar, ben por iniciativa propia ou por previa petición motivada do GALP, mediante a subscrpción da correspondente addenda ao presente convenio, logo de informes e autorizacións preceptivas, que deberá asinarse antes da finalización do prazo de vixencia.

Sen prexuízo do sinalado no parágrafo anterior, cando o orzamento asignado para a execución da EDLP varíe como consecuencia de reprogramacións do plan financeiro do programa operativo, do ritmo de execución da estratexia, da redistribución de fondos entre estratexias dos GALP, da incorporacións de créditos a exercicios posteriores, ou calquera outra modificación orzamentaria, o convenio entenderase modificado sen necesidade de tramitación específica.

Ademais, as modificacións normativas comportará a modificación deste convenio sen necesidade de tramitación específica.

Décima.- Resolución do convenio

1. Este convenio poderá rescindirse de mutuo acordo entre as partes.



2. En caso de grave irregularidade do GALP no exercicio das súas funcións, a Consellería do Mar poderá acordar a resolución do convenio e a perda do GALP da súa condición de entidade colaboradora, que se tramitará respectando os principios aplicables no procedemento sancionador establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A estos efectos considéranse irregularidades graves:

- a) A ausencia ou atrasoinxustificado na tramitación de expedientes e/ou a tramitación/selección de proxectos de xeito neglixente ou arbitrario.
- b) A non aplicación do principio de portas abertas no acceso ao GALP.
- c) A ausencia de difusión do programa e o incumprimento das obrigas en materia de información e publicidade establecidas na normativa de aplicación, e en particular, neste convenio.
- d) A non adopción de medidas correctoras ou preventivas sinaladas pola Consellería do Mar como consecuencia das funcións desta de seguimento e control do programa.
- e) A perda polo GALP das condicións necesarias para ser seleccionado como entidade colaboradora.
- f) O incumprimento grave das condicións e obrigas establecidas no presente convenio.

3. A resolución do convenio suporá que o GALP perde a súa condición de entidade colaboradora e que non poderá percibir as axudas vinculadas ao capítulo III do FEMP (desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras), sen prexuízo dos supostos nos que proceda o reintegro dos fondos e a imposición de sancións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con carácter previo, poderán adoptarse as medidas cautelares que se estimen oportunas co obxecto de non causar prexuízos de difícil ou imposible reparación.

4. Os proxectos promovidos polo GALP que se estean executando no momento da resolución do convenio haberán de rematarse e xustificarse segundo as regras xerais.

5. En caso de disolución do GALP ou cando o GALP non precise os equipamentos adquiridos con cargo ao programa as axudas das que o GALP sexa adxudicatario, destinaranse a entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades vinculadas ao desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras, ou que persigan fins similares de desenvolvemento local.



6.Os restantes incumprimentos das funcións e obrigas do GALP poderán dar lugar á suspensión temporal dos pagamentos pendentes ata que se corrixean as irregularidades cometidas.

Décima primeira.- Da modificación da EDLP

A modificación da EDLP deberá ser autorizada pola Consellería do Mar, previa solicitude motivada do GALP que en todo caso respectará os requisitos establecidos na resolución de aprobación da estratexia pola conselleira do Mar.

CLAUSULAS ESPECÍFICAS

Décimo segunda.- Principios de actuación dos GALP

1. Para o cumprimento dos obxectivos da EDLP, tendo en conta o carácter público dos fondos que a financian, a actuación do GALP deberá garantir os principios de colaboración, imparcialidade, ausencia de conflito de intereses, publicidade, transparencia, libre concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia. Eses principios plasmaranse, entre outras, nas seguintes normas de actuación do GALP:

- a) O GALP rexerase polo principio de portas abertas, entendido como a posibilidade da libre incorporación, tanto no momento da constitución do GALP como ao longo do período de execución do programa, das entidades con implantación local que, reunindo os requisitos esixidos para adquirir a condición de asociadas, soliciten a súa incorporación ao GALP.
- b) Colaboración cos cidadáns en xeral, e coas entidades públicas ou privadas do territorio, pertenzan ou non ao GALP, así como con outros GALP.
- c) Imparcialidade, mediante o seguimento do procedemento que o GALP recolla na súa EDLP para evitar o conflito de intereses que afectará, en todo caso aos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GALP. En todo caso, para evitar o conflito de intereses arbitrarase un mecanismo para que, nas tomas de decisións dos órganos do GALP, as declaracíons de intereses queden perfectamente documentadas e formen parte do expediente.
- d) Publicidade, tanto das convocatorias e regras para a selección de proxectos como dos proxectos subvencionados, así como das contratacións que deba facer o GALP.
- e) Transparencia, materializada en expedientes completos, na ausencia de acordos ocultos, na ausencia de persoas e entidades en debates e acordos que lles afecten e na sinatura por persoa delegada en representación do cargo do órgano de decisión que sexa, á vez, perceptor ou interesado na axuda.



- f) Libre concorrencia, sen máis limitacións que as que se deriven da convocatoria, tanto para a selección de proxectos como para a contratación dos recursos humanos ou materiais, por parte do GALP.
- g) Obxectividade ou autolimitación da discrecionalidade, mediante a aplicación aos proxectos da normativa para a xestión da EDLP, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos, previamente establecidos e feitos públicos na propia estratexia, así como da axeitada motivación da selección ou non de cada proxecto.
- h) Igualdade, de modo que non se dea un tratamento diferente a situacións iguais.
- i) Non discriminación, de xeito que non se produzcan diferenzas de trato fundadas en motivos persoais nin noutras circunstancias alleas ás normas do GALP para a xestión da estratexia, en particular dos criterios para a selección e priorización de proxectos.
- j) Eficacia, en canto que as actuacións deben orientarse directamente á consecución dos obxectivos da estratexia, cuantificando as decisións e analizando as súas posibles consecuencias.
- k) Eficiencia, de xeito que cun menor custo se contribúa a un maior beneficio socioeconómico, a fin de acadar a mellor proporción entre o rendemento, a utilidade dos investimentos e os gastos de xestión.

Décima terceira.- Funcións do GALP

1.O GALP, en canto entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión da EDLP, asume as seguintes funcións e obrigas:

- a) Constituir e decidir en todas as medidas amparadas polo Desenvolvemento Sostible das Zonas Pesqueiras do FEMP, a selección das operacións que deban levarse a cabo polo sector privado e público no marco da EDLP.
- b) Promover a dinamización territorial e a mobilización social.
- c) Facilitar a participación da poboación nas accións de desenvolvemento do territorio.
- d) Promover ou participar en proxectos de cooperación dentro e fora da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Integrarse nas redes de grupos de desenvolvemento das zonas pesqueiras, tanto a nivel da Comunidade Autónoma como do Estado ou da UE.



- f) Aplicar o Manual de Procedemento para esta medida, así como utilizar a aplicación informática que facilite a consellería do Mar.
- g) Dinamizar, promover e valorizar a zona pesqueira e sensibilizar a todos os axentes, así como implicalos nas accións e actividades levadas a cabo polo GALP, facilitando a participación da sociedade no desenvolvemento do programa.
- h) Posibilitar entre as entidades asociadas o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo e intervención no ámbito do desenvolvemento zonal e rexional.
- i) Impulsar o exercicio profesional dirixido a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- j) Promover actividades de carácter informativo, de investigación, prevención e sensibilización, tendo como principais destinatarios o sector pesqueiro, e prioritariamente as mulleres, mozos/as e colectivos desfavorecidos vinculados ao citado sector.
- k) Fomentar, impulsar, programar e colaborar en actuacións dirixidas á protección do medio natural nas zonas de pesca co fin de manter o seu atractivo, recuperar e desenvolver o patrimonio natural e cultura das zonas pesqueiras.
- l) Calquera outra que favoreza o desenvolvemento sostible das zonas pesqueiras.

Décima cuarta.- Difusión da EDLP.

Entre as actuacións de animación e de promoción do territorio do GALP debe realizarse a difusión da estratexia na zona pesqueira. Con esta finalidade o GALP deberá:

- a) Manter xuntanzas con colectivos, organizacións, grupos de veciños, profesionais vinculados ao desenvolvemento do territorio na maior extensión posible, co fin de que o programa sexa coñecido pola poboación do territorio e para crear dinámicas de interacción.
- b) Facilitar a información relevante do GALP á consellería do Mar para que esta poida incorporala ás súas páxinas web.
- c) Ter á disposición do público, no taboleiro de anuncios da oficina ou oficinas, así como nas páxinas web que correspondan, información actualizada do programa, das axudas dispoñibles no marco deste, das normas do GALP para a xestión do programa, convocatorias e demais información relevante.



- d) Difundir o programa no territorio de actuación, as convocatorias e axudas dispoñibles no seu marco e a apertura de prazos de solicitude, de xeito que os coñeza a maior parte da poboación.
- e) Dar a coñecer a sede do GALP mediante placas ou carteis e utilizar os logotipos das administracións finanziadoras.
- f) As citadas actuacións deben cumplir as regras de información e publicidade do FEMP.

Décima quinta.- Gastos de funcionamento e de animación dos GALP

- 1. En orde ao correcto cumprimento das funcións do GALP en canto á xestión e control da execución da EDLP, deberá dotarse dos medios persoais e materiais axeitados, para o cal poderá realizar gastos de funcionamento e animación segundo o establecido no artigo 35.1.d) do Regulamento (UE) nº 1303/2013.
- 2. Os gastos de funcionamento ou explotación subvencionables son os vinculados á xestión da posta en práctica da EDLP, e consistirán en:
 - a) Gastos de persoal, que terá a cualificación suficiente para asumir o peso principal da xestión do programa. Ditos gastos incluirán retribucións salariais, cotizacións á seguridade social e indemnizacións.
 - b) Asistencia á xestión en aspectos puntuais necesarios para a correcta aplicación da EDLP. As asistencias técnicas só poderán utilizarse para a xestión de aspectos puntuais, como os referidos a servizos técnicos, xurídicos, laborais, fiscais e contables.
 - c) Gastos notariais, rexistrais e periciais.
 - d) Subministracións externas (consumo de servizos de natureza diversa)
 - e) Material informático, telemático e de reprografía.
 - f) Gastos relativos á sede do GALP (aluguer, acondicionamento, equipamento, gastos correntes en auga, telefonía, electricidade, limpeza, internet, material funxible etc...).
 - g) Gastos referidos á constitución de avais ou de garantías bancarias que sexan necesarios para a tramitación e concesión dos anticipos correspondentes á axuda pública destinada aos gastos de funcionamento e animación do GALP.
 - h) Gastos de constitución de pólizas bancarias.



- i) Gastos vinculados ao traballo en rede.
- j) Gastos correspondentes a actividades formativas.
- k) Gastos de seguros.
- l) Gastos relativos á avaliación e seguimento da estratexia.
- m) Outros gastos necesarios para realizar as funcións que lle corresponden como entidade colaboradora da consellería do Mar, tales como os gastos de representación institucional, as axudas de custo e desprazamento, gastos asociados ás reunións dos órganos de decisión do GALP, a excepción de calquera tipo de retribución por asistencia a elles. Tanto as axudas de custe coma os gastos por desprazamentos limitaranse as contías máximas que se establezan por instrucción do organismo intermedio de xestión.

3. Non se consideran subvencionables os gastos seguintes:

- a) Os derivados de despedimentos improcedentes.
- b) Os xuros debedores das contas bancarias.
- c) Os xuros e recargas de carácter tributario.
- d) As sancións pecuniarias administrativas e penais.

4. Os gastos de animación da EDLP teñen a finalidade de intercambio entre as partes interesadas para suministrar información e fomentar a estratexia, e para apoiar aos beneficiarios potenciais con vista á gobernanza dos recursos pesqueiros e actividades marítimas locais.

Poderán ser subvencionables os seguintes gastos:

- a) Difusión da estratexia no territorio de actuación.
- b) Encontros, xornadas, seminarios, congresos.
- c) Estudos, informes, publicacións.
- d) Mapas, guías, edición de material de promoción, valorización e difusión do territorio, portais e páxinas web.
- e) Intercambio de experiencias, viaxes, presenza en feiras e eventos, incluso no estranxeiro, etc.
- f) Proxectos sectoriais colectivos, de coordinación e accións conjuntas.
- g) Valorización do patrimonio cultural inmaterial.



h) Calquera outro validado polo organismo intermedio de xestión.

O GALP realizará unha previsión anual de gastos destinados á animación e a presentará ante organismo intermedio de xestión para que sexa validada.

5. O GALP poderá imputar os gastos de funcionamento e animación en que incorrese desde a data de selección da EDLP ata o 31 de decembro de 2020.

6. A intensidade da axuda para os gastos de funcionamento e animación poderá ser do 100%.

7. Os gastos de funcionamento e animación serán executados e xustificados polo GALP segundo estableza o organismo intermedio de xestión.

8. O GALP deberá utilizar un sistema de contabilidade independente, no que consten todas as intervencións que desenvolva respecto dos gastos, compromisos e pagamentos relacionados cos gastos de funcionamento e animación.

Para os cobros e pagamentos referidos á antedita medida, o GALP utilizará unha única conta bancaria.

Ademais o GALP levará os libros e rexistros contables específicos para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas no presente convenio.

9. A axuda para os gastos de funcionamento ou explotación, así como os de animación dos GALP, segundo o establecido na artigo 35.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, non superará o 25% do gasto público total en que incorra no marco da EDLP:

Para atender os gastos de funcionamento, o GALP percibirá unha dotación económica que será como máximo dun 20% do orzamento asignado para a aplicación da estratexia.

10. A consellería do Mar aboará estes gastos ao GALP do seguinte xeito:

A principios de cada ano anticiparase un 50% de cada anualidade dos gastos de funcionamento, unha vez xustificados os gastos de funcionamento da anualidade anterior.

O resto da anualidade librarase cando se xustifique o anticipo.

A principios de cada ano anticiparase o 50% de cada anualidade dos gastos de animación, unha vez xustificados os gastos de animación da anualidade anterior.



O resto da anualidade librarse cando se xustifique o anticipo.

Os gastos serán xustificados trimestralmente ou, se é o caso, no momento do esgotamento do anticipo.

A derradeira xustificación anual presentarse antes do 15 de xaneiro do ano seguinte e comprenderá tódolos gastos efectivamente pagados no exercicio corrente xunto cos gastos que se devenguen no exercicio corrente pero que se abonan ao mes seguinte (retencións de IRPF, seguridade social, etc).

11. O GALP poderá obter financiamento suplementario ou recursos materiais dos seus asociados ou doutras entidades para o cumprimento dos seus fins.

Décima sexta.- Persoal do GALP

1.- O GALP deberá contar co persoal necesario para a realización das funcións que ten encomendadas como entidade colaboradora e deberá ter como mínimo unha persoa encargada da xerencia.

O equipo técnico do GALP pode estar constituído por un/unha xerente, persoal técnico, e persoal administrativo.

2.- A selección do persoal do GALP deberá cumplir os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria e cumplir os seguintes requisitos:

a) Publicación dun anuncio da oferta de emprego no diario de maior tirada na zona pesqueira ou na provincia ou provincias, nos taboleiros de anuncios dos concellos que formen parte do GALP, no taboleiro de anuncios da sede do GALP e na páxina web que estableza a Consellería do Mar, para o cal lle enviará unha comunicación do anuncio.

b) Apertura dun prazo de quince días hábiles para a presentación de solicitudes, que empezará a contar desde a última publicación nos medios indicados na letra anterior.

c) Realización dun procedemento de selección que garanta os coñecementos do persoal.

d) Comunicación á Consellería do Mar do resultado do proceso de selección.

3. As características dos postos de traballo que poida contratar o GALP serán as seguintes:

a) Xerente, que é o máximo responsable técnico do programa, con titulación mínima de licenciado ou graduado universitario ou equivalente.



O/a xerente terá dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional

A retribución elixible será de 28.000 euros ata un máximo de 35.000 euros anuais, a xornada completa.

b) Persoal técnico, con titulación mínima de licenciado, graduado ou equivalente.

A retribución elixible será de 23.000 euros ata un máximo de 28.000 euros anuais a xornada completa.

c) Persoal administrativo:

1º Administrativo/a: debe ter o título de bacherelato ou equivalente. A retribución elixible será de 19.000 euros, ata un máximo de 23.000 euros anuais a xornada completa.

2º Auxiliar administrativo/a: debe ter o título da ESO ou equivalente. A retribución elixible será de 17.000 euros ata un máximo de 19.000 euros anuais a xornada completa.

4. No caso de dedicacións parciais, ás retribucións establecidas anteriormente aplicarase a redución correspondente de forma proporcional.

5. O réxime de contratación do persoal do GALP será laboral e polo tanto seranlle de aplicación as fontes do ordenamento laboral que establece o Estatuto dos Traballadores.

6. O presente convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que participen no seu desenvolvemento e a consellería, de tal xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou efectos que acontezan no desenvolvemento da mesma.

7. O persoal fará unha declaración na que conste que non están incursas nas causas de incompatibilidade aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma galega, así como no caso de que cambien as circunstancias que poidan afectar a compatibilidade.

8. O/a xerente fará unha declaración na que conste que ten dedicación exclusiva ao GALP, con exclusión de calquera outro tipo de actividade laboral ou profesional.

9. No caso de que GALP xa dispoña de persoal contratado na data da sinatura deste convenio de conformidade co establecido nos puntos 2 e 3, non será necesario que seleccionen novo persoal.



Décima séptima.- Réxime de contratación do GALP

1. A contratación de asistencias técnicas, obras, suministros ou calquera outro tipo de contratación efectuada polo GALP no marco dos gastos de funcionamento e animación, a excepción do previsto con respecto ao persoal que se rexerá pola cláusula anterior, realizarase segundo os principios de publicidade, concorrenza e obxectividade que establece o Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, dada a súa condición de entidade colaboradora da Consellería do Mar na xestión e control de fondos públicos.

2. En materia de adxudicación rexerán as seguintes regras:

- a) Principios de publicidade, concorrenza, transparencia, confidencialidade, igualdade e non discriminación.

Os principios de publicidade e concorrenza materializaranse na publicación de anuncios na sede do GALP, nos medios de comunicación de maior difusión na zona pesqueira, na páxina web do programa e na concesión dun prazo mínimo de dez días para a presentación de ofertas.

- b) Directriz de adxudicación á oferta economicamente más vantaxosa.

3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, terase en conta:

a) O disposto no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, cando o gasto subvencionable excede de 50.000 €, no suposto de custo por execución de obra, ou de 18.000 €, no suposto de outros contratos, o GALP deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes proveedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben.

b) Así como o disposto no artigo 23 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando se trate de contratos menores de obras de importe superior a 25.000 euros e nos restantes contratos menores de importe superior a 9.000 euros, o GALP deberá invitar para a formulación de ofertas, polo menos, tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que isto sexa posible.

c) As instruccións que emita o organismo intermedio de xestión en materia de contratación polos GALP.



Decimo oitava- Das obrigas de información do GALP

O GALP deberá comunicar, no prazo máximo de quince días hábiles, as variacións nos estatutos e regulamento de réxime interior, na composición dos órganos de decisión do GALP, enderezo, correo electrónico e outros datos de contacto similares do GALP, así como calquera variación que resulte relevante para a correcta comunicación do GALP coa Consellería do Mar.

Decima novena- Da obriga de seguimento e avaliación da aplicación da EDLP

1. O GALP elaborará un informe anual de avaliación e seguimento da posta en práctica da EDLP, que remitirá á Consellería do Mar antes do 1 de febreiro do ano seguinte.

Este informe terán o seguinte contido mínimo:

- a) Actas das xuntanzas da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, debidamente dílixenciadas polo secretario do GALP.
- b) Relación actualizada de membros do GALP.
- c) Memoria que inclúa o seguimento dos indicadores establecidos e a avaliación da efectividade, eficiencia, relevancia, utilidade e sostenibilidade das medidas realizadas.
- d) Calquera outra circunstancia relevante para a correcta execución do EDLP.

Vixésima. Funcións do GALP no procedemento de concesión de axudas

1. O GALP, como entidade colaboradora da Consellería do Mar, na xestión e control das axudas que se convoquen para a execución das estratexias de desenvolvemento local aprobadas pola Consellería do Mar aos GALP, cumplirá as seguintes funcións:

a) Con carácter xeral:

1º Atender ao público nunha ou varias oficinas abertas no ámbito territorial do GALP, nas que conste o calendario e horario de atención ao público.

2º Asesorar os posibles beneficiarios das axudas sobre o contido da EDLP e sobre a adecuación do seu proxecto ás esixencias daquela, así como sobre a posibilidade de acceder a outro tipo de axudas.

3º Informar aos posibles beneficiarios sobre as obrigas que asumirán no caso de percibir algúnsha axuda con cargo ao programa, e das infraccións e das correspondentes sancións previstas na Lei 9/2007, de 13 do xuño, de subvencións de Galicia.



4º Tramitar diligentemente os expedientes desde que o promotor presente a solicitude.

5º Utilizar a aplicación informática que a Consellería do Mar poña a disposición dos GALP.

6º O GALP levará un rexistro de entrada e saída da documentación que afecte aos asuntos vinculados á execución do EDLP.

7º Velar pola correcta asignación dos fondos previstos para cada anualidade e a súa distribución entre proxectos produtivos e non produtivos.

b) En materia de información e publicidade

Comprobar a aplicación polos beneficiarios das regras de información e publicidade das operacións subvencionadas polo FEMP. A estes efectos, o GALP facilitaralles aos promotores os modelos dos carteis, placas ou logotipos para informar e dar publicidade aos proxectos subvencionados.

c) Respecto da tramitación das solicitudes de axuda e selección dos proxectos:

1º O equipo técnico do GALP realizará as seguintes tarefas:

- i. Comprobar a correcta e completa presentación das solicitudes segundo os requisitos que se establezan no réxime de axudas correspondente. Con esa finalidade o GALP poderá solicitar documentación complementaria, informes sectoriais das Administracións competentes e realizará calquera outra actuación propia da instrución segundo a normativa vixente.
- ii. Avaliación e baremación dos proxectos, segundo os criterios obxectivos de valoración establecidos en cada EDLP.
- iii. Nos proxectos que obteñan unha puntuación que os faga merecedores de axuda, nalgúnha porcentaxe, deberán efectuarse as seguintes comprobacións:
 1. Realizar unha comprobación in situ de que os proxectos e actividades para os cales se solicitou a axuda non se iniciaron, e redactar a acta de non inicio, de ser o caso.
 2. Emitir un informe de subvencionabilidade do gasto conforme ao que se estableza no réxime de axudas.
 3. Emitir un informe de viabilidade dos proxectos.



- iv. Finalizados os traballos anteriores, o equipo técnico do GALP elevará á Xunta Directiva a propostas de resolución provisional de concesión de axuda.

2º A Xunta Directiva realizará as seguintes tarefas:

- i. Realizará, á vista dos expedientes que lle remita o equipo técnico, proposta de resolución definitiva de concesión de axudas que incluirá o importe das axudas, e que elevará á Consellería do Mar. Terase en conta que polo menos o 50% dos votos nas decisións de selección proveñan de socios que non sexan autoridades públicas, segundo establece o artigo 34.1.b do Regulamento (UE)1303/2013.
- ii. A Consellería do Mar, resolverá a concesión das axudas segundo a proposta de resolución do GALP salvo que se constate defecto de legalidade ou do procedemento de selección dos proxectos.
- iii. Se o equipo técnico do GALP, no proceso de instrución, conclúa que o proxecto non é elixible, ou que procede o arquivo do mesmo por non cumplir os requisitos para ser subvencionado, ou por desestimento do promotor, daralle traslado á Xunta Directiva do GALP para que tome o acordo correspondente, decisión que se trasladará á Consellería do Mar, que resolverá segundo a proposta de resolución do GALP, agás que se constate algún defecto na proposta de resolución.

d) **Respecto ás xustificacións:**

1º Recibir a documentación xustificativa da execución dos proxectos seleccionados, comprobando que está completa, estampando nas facturas o selo do GALP e cotexando as copias destas.

2º Comprobar a correcta xustificación dos gastos subvencionados segundo o que se disponía no réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e resto de normativa de aplicación.

3º Remitir un informe de auditoría con cada certificación que presente o GALP á Consellería do Mar, conforme se estableza no réxime de axudas.

Este informe de auditoría haberá de ser elaborado por un auditor externo, inscrito no ROAC.

4º O GALP non colabora na distribución dos fondos aos beneficiarios, polo que será a Consellería do Mar quen, comprobadas as xustificacións e a elixibilidade do gasto, proceda a realizar os pagamentos aos beneficiarios.



e) **Respecto ao control e seguimento dos proxectos:**

1º Informar aos beneficiarios sobre as súas obrigas segundo o que se dispoña o réxime de axudas e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e na normativa comunitaria de aplicación.

2º Realizar actuacións de seguimento e control dos proxectos subvencionados e comunicarlle á Consellería do Mar calquera incidencia ou irregularidade, de acordo coas directrices que estableza o organismo intermedio de xestión.

Vixésima primeira. Comprobación de actuacións e control financeiro

1.O GALP someterase ás actuacións de comprobación e de control financeiro da Xunta de Galicia e proporcionar á autoridade de xestión, e/ou avaliadores designados e a outros organismos en que dita autoridade realizara a delegación de tarefas, toda a información e datos necesarios para poder proceder ao seguimento e avaliacón do programa operativo, de acordo co establecido no artigo 11 do Regulamento (UE) nº 508/2014.

2 O GALP quedará suxeito ás disposicións comunitarias de xestión e control establecidas no Regulamento (UE) nº 1303/2013 en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento sostible nas zonas pesqueiras.

En particular, velarase por garantir unha pista de auditoría adecuada a efectos do establecido no artigo 25 do Regulamento (UE) nº 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo de 2014 que complementa o Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Vixésima segunda. Normativa aplicable á xestión e control dos fondos asignados ao GALP para a execución da EDLP

1. Na aplicación deste convenio e na xestión da EDLP terase en conta a normativa comunitaria, estatal, autonómica aplicable ás actuacións subvencionables. En particular, aplicaranse os seguintes actos e normas:

a) Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello, e os regulamentos de desenvolvemento.



b) Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, e os seus regulamentos de desenvolvemento.

c) O programa operativo para España do FEMP 2014-2020.

d) Orde do 6 de abril de 2015 polo que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.

e) A Estratexia de Desenvolvemento Local Participativa do GALP.

f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

g) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

i) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

j) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

2. Sen prexuízo do anterior, a Consellería do Mar poderá establecer regras complementarias e ditar instrucións para precisar as funcións e obrigas do GALP e para facilitar a execución da EDLP.

3. Así mesmo, a Consellería do Mar poderá concertar convenios e acordos con outras entidades sobre a complementariedade das axudas, a coordinación de actuacións ou outros aspectos que axuden á correcta aplicación das EDLP, que lle comunicará ao GALP para que os teña en conta no exercicio das súas funcións.

4. A sinatura do presente convenio implica o sometemento do GALP a todas as obrigas impostas ás entidades colaboradoras na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



Vixésima terceira. Obrigas do GALP como encargado do tratamento de datos de carácter persoal.

1. De conformidade co artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD) e no capítulo III do título II do Regulamento de desenvolvemento da citada lei orgánica (RLOPD), aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, o GALP comprométese ao seguinte, en canto encargado do tratamento dos datos de carácter persoal de que dispoña en relación á súa actividade como entidade colaboradora da Consellería do Mar, na aplicación da EDLP no marco do FEMP:

- a) Non aplicar nin utilizar tales datos con fins distintos á xestión do citado programa e atender as instrucións da Consellería do Mar ao respecto.
- b) Comprometerse a restrinxir o acceso aos datos exclusivamente ao persoal que o precise para realizar as súas funcións.
- c) Respectar e darlle traslado ao persoal que interveña no tratamento da súa obrigación de segredo profesional nos termos previstos no artigo 10 da LOPD respecto dos datos persoais e o seu deber de gardalos, obligacións que subsistirán aínda despois de finalizar as relacións do GALP coa Consellería do Mar.
- d) Co fin de asegurar a confidencialidade do tratamento de datos obxecto desta cláusula, o GALP garántelle á Consellería do Mar que todos os seus empregados, teñen subscrito un compromiso de confidencialidade.
- e) No caso de que o GALP destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as regras desta cláusula, será considerado responsable do tratamento, respondendo das infraccións en que tivera incorrido, eximindo expresamente á Consellería do Mar acerca de calquera responsabilidade respecto ao incumprimento, nas actividades obxecto do presente convenio, de todos os deberes e obligacións impostos pola LOPD e a súa normativa de desenvolvemento.

2. No non previsto nesta cláusula, aplicarase a normativa vixente sobre protección de datos persoais.

CLAÚSULAS ECONÓMICAS

Vixésimo cuarta. Orzamento para a execución da EDLP

1. O orzamento público para a execución da EDLP ascende ao importe total de 7.619.688,84 €.



2. O citado orzamento, dividido por anualidades e desagregado en gastos de funcionamento e animación, e axudas a proxectos, tanto produtivos como non produtivos, figura como Anexo I a este convenio.
3. O GALP adaptará o Plan de financiamento establecido na súa EDLP á contía do punto 1, rateando as cantidades entre as distintas liñas e gastos de conformidade co cadre que figura no anexo.
4. O orzamento asignado constitúe o marco financeiro con relación ao que o GALP seleccionará proxectos para o cumprimento dos obxectivos da EDLP. Así mesmo, serve de base para o cálculo dos gastos de funcionamento e animación do GALP.
5. En todo caso, segundo o artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, este orzamento está subordinado aos créditos que para cada exercicio se consignen nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

Vixésimo quinta- Orzamento dos gastos de explotación e animación

O orzamento para os gastos de explotación e animación do GALP será de , ata o ano 2020, co seguinte reparto por anualidades, de acordo cos datos do Anexo I:

As fontes de financiación destes créditos son: 85% do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e 15% de fondos do estado membro.

Para o ano 2016, os gastos faranse efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 14.03.723C.780.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

As anualidades futuras quedan condicionadas á efectiva existencia de crédito nos respectivos orzamentos xerais de cada ano.

Vixésimo sexta.- Autorización previa do Consello da Xunta de Galicia

1. De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública galega, dado o carácter plurianual deste convenio de colaboración, e ao implicar a asunción de obrigas económicas para a Facenda autonómica por importe superior a 150.000 €, a sinatura deste convenio requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



Unión Europea
Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

2. Logo da autorización do gasto polo Consello da Xunta de Galicia poderán adquirirse compromisos de gasto plurianuais derivados do presente convenio, que quedarán subordinados aos créditos que para cada exercicio se consignen nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, para os sucesivos anos, segundo o disposto no artigo 58 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.